

8 QUE SE TRANSFORMOU NA EUROPA DO ANTIGO RÉXIME

OBXECTIVO

Entender como os cambios que se produciron nos séculos XVII e XVIII orixinaron a crise do sistema político, económico e social do Antigo Réxime.

Ao longo dos séculos XVII e XVIII, a evolución da economía (comercio colonial, manufacturas, etc.) provocou o ascenso cada vez máis rápido da **burguesía**, que controlaba os negocios e cuxos intereses batían cos do sistema social e económico do Antigo Réxime.

Doutra banda, desde finais do século XVII, as revolucións en Inglaterra e Holanda permitiron instaurar monarquías nas que os poderes do rei quedaron limitados por un Parlamento.

Así mesmo, no século XVIII, as ideas da Ilustración estableceron as bases ideolóxicas que deron paso a unha nova forma de gobernar (**liberalismo**) e de entender o mundo e que se plasmou na creación dun novo país, os Estados Unidos de América.

RELACIONA AS IDEAS

1. Cales eran as bases do Antigo Réxime? Que caracterizou as relacións internacionais durante o século XVIII?
2. Que cambiou desde o punto de vista económico no século XVII?
3. Que novas ideas políticas acabaron coa monarquía absoluta? Que países foron os primeiros en transformar os seus gobernos?

TIRA CONCLUSIÓN

4. Explica que aspectos do Antigo Réxime sobreviviron no século XVII e que cambios se introduciron.

SUPERVIVENCIA DO ANTIGO RÉXIME

- Sociedade estamental baseada na desigualdade xurídica, social e económica.
- Escaso aumento demográfico (crise de subsistencia).
- Economía agraria e señorial. Produción de bens, comercio e transportes escasos.
- Predominio en Europa da monarquía absoluta como forma de goberno.
- Pugna das grandes potencias polo predominio territorial e político.

UNHA SOCIEDADE ESTAMENTAL



J. H. FRAGONARD: A randeeria, 1766.

CAMBIO SOCIAL E ECONÓMICO

- Aumento da poboación por cambios agrícolas, crecemento da produción e fin das grandes epidemias.
- Maior demanda de produtos en Europa e desde América, que incentivou a produción co traballo a domicilio e as manufacturas (mercantilismo).
- Expansión do comercio colonial, que xerou grandes beneficios.
- Auxo social e económico da burguesía comercial e financeira, aínda sen poder político.

O AUMENTO DA PRODUCCIÓN



Campešiños traballando para a industria téxtil.

NOVAS IDEAS POLÍTICAS

- Revolución inglesa do século XVII: fin da monarquía absoluta (poderes do monarca limitados e división de poderes).
- A Ilustración, corrente de pensamento que critica os principios do Antigo Réxime e propugna un sistema político baseado na liberdade e na igualdade.
- Nacemento dunha nova nación independente (1776): os Estados Unidos de América, cun sistema político baixo os principios do liberalismo.

A REVOLUCIÓN INGLESA

- Absolutismo (dinastía Estuardo).
- 1649: **primeira revolución**. Execución de Carlos I. Instauración dunha república (Cromwell).
- 1660: restauración (Carlos II). (*Habeas Corpus Act*, 1679).
- 1689: **segunda revolución**. Fin da dinastía Estuardo. Dinastía Orange: instauración da **monarquía parlamentaria** (Declaración de Dereitos).

DURANTE O SÉCULO XVIII?

UNHA ECONOMÍA SEÑORIAL

En Argonne achei unha pobre muller (...) que me dixo que o seu marido só posuía un anaco de terra, unha vaca e un cabalo e que lle debían entregar a un señor 42 libras de trigo e tres polos e a outro 168 libras de centeo, un polo e un denario, ademais dos impostos que lle pagaban ao Estado. Tiña sete fillos e parecía ter 70 anos, porque ía xibosa e estaba desgastada polo traballo, pero tan só tiña 28.

YOUNG: Relato dun viaxeiro inglés por Francia en 1787.

UNHA MONARQUÍA ABSOLUTA



H. RIGAUD: Luís XIV de Francia, 1791.

O EQUILIBRIO TERRITORIAL



O COMERCIO COLONIAL



O ASCENSO DA BURGUESÍA




Retrato da familia de Robert Raikes, propietario do Gloucester Journal, 1732.

A ILUSTRACIÓN

Só a vontade xeral pode dirixir as forzas do Estado (...). O pobo sometido ás leis debe ser o protagonista. O poder lexislativo pertence ao pobo e non pode pertencer máis ca a el. (...) Toda lei que o pobo non ratifique é nula. (...) Para asegurar o cumprimento das leis é necesario un goberno, pero o goberno non é máis que o representante do pobo soberano.


Jean-Jacques ROUSSEAU: O contrato social, 1762.

A REVOLUCIÓN AMERICANA



Destrución da estatua de Xurxo III, 1776.

OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA



G. Washington, primeiro presidente dos Estados Unidos, 1789.